



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Eneko Aierbe Sarasola
 D. Miguel Alfonso Pallarés
 D. José Nicanor Alonso Álvarez
 D. Luis Alonso Bacigalupe
 D^a. M^a. Luisa Alonso Escontrela
 D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
 D. Heliodoro Alvarez Conde
 D. Pedro A. Araujo Nespereira
 D. Ramón Araujo Casado
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. M^a. Cristina Arias Fernández
 D. Xosé Carlos Arias Moreira
 D^a. Fátima Árias Nóvoa
 D^a. M^a. del Carmen Arriba Pérez
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D. Ramón Barreiro García
 D. José Luis Barros Díaz
 D. Isaac Beade Peralba
 D. Gustavo Bergantiño Cid
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D. Juan Blanco Gutiérrez
 D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
 D^a. M^a. Isabel Bouza Álvarez
 D. Camilo Brandín Feijoo
 D. Jorge Bravo Bernárdez
 D. Enrique J. Buch Gómez
 D^a. Soledad Bugallo Petit
 D^a. M^a. Alicia Cachafeiro López
 D. Xulio Calviño Rodríguez
 D^a. Yovana Candán Faro
 D. Adrián Candela Iglesias
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre
 D^a. M^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Alfonso Caride Losada
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Manuel Casas Miras
 D. Javier Castro Martínez
 D. Pablo Javier Cebal Loureda
 D^a. Mercedes Cendón Falque
 D. José Chavete Rodríguez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alfonso Cid Sabucedo
 D. José Cidrás Pidre
 D. Ángel Cifuentes García
 D^a. Cristina Comesaña Cabaleiro
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. José M^a. Correa Otero
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Tony Crespo Franco
 D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
 D. Jose M^a. Da Rocha Álvarez
 D. Jesús De Andrés Iglesias
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D^a. Julia M^a. D. de la Montaña Miguélez
 D^a. Encarnación De Miguel Villegas
 D. Javier de Vicente Remesal

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día seis de xullo de dous mil, ás 9:00 horas en primeira convocatoria e ás 9.30 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 6 de xullo de 2000**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05-05-2000)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Presentación e debate do balance anual do Rector.
- 4.- Aprobación, se procede, dos planos de estudio de:
 - Dip. en Educación Física , Dip. en Educación Musical , Dip. en Educación Infantil, Dip. en Educación Primaria de Pontevedra.
 - Dip. en Educación Infantil , Dip. en Educación Primaria , Dip. en Educación Especial, Dip. en Lingua Extranxeira de Ourense.
 - Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Química Industrial, Electricidade, Electrónica Industrial e Mecánica).
 - Lic. en Belas Artes, Lic. Física e Lic. Química.
- 5.- Aprobación, se procede, do I Curso de Especialista en Debuxo (Xunta de Goberno 12-5-2000).*
- 6.- Aprobación, se procede, da creación da Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo (Campus de Ourense).*
- 7.- Aprobación, se procede, do cambio de

D. Gonzalo Méndez Martínez

D. Manuel Deaño Deaño
 D^a. Coral Del Río Otero
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Miguel Ángel Esparza Torres
 D^a. Iria Estévez González
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Manuel Fernández Areal
 D. Ramón Ángel Fernández Sobrino
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Manuel Fernández Gesto
 D^a. Esperanza Fernández Gómez
 D^a M^a Dolores Fernández Ferro
 D. Celso Fernández Silva
 D^a María Fernández Silva
 D. Emilio Manuel Fernández Suárez
 D^a. Generosa Fernández Manín
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Xosé Friol Piñeiroa
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas
 D^a. Secundina García Conde
 D. Antón García Fernández
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Guillermo García Lomba
 D. Manuel García Sanchez
 D^a. Aida García Molares
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D^a. Ana M^a Garriga Domínguez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D^a. Alma M^a. Gómez Rodríguez
 D. Ramiro Gómez Lourido
 D. J. Santiago Gómez Fraiz
 D. Alejandro González Fontenla
 D^a. Raquel González Gamallo
 D^a. Silvia González Illanes
 D^a. Laura Gonzalez Novoa
 D. José Luis González Cespón
 D. Luis Gude Troitiño
 D. Jesús Hernández Sánchez
 D^a. M^a Yolanda Herranz Pascual
 D. Alexandre Insúa Moreira
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
 D. José Luis Legido Soto
 D. Martín Llamas Nistal
 D. Juan Loeck Hernández
 D^a. M^a. del Pilar López Vidal
 D. Álvaro Xosé López Mira
 D. Luis López Pérez
 D. Fernando José Lorenzo Merino
 D. Miguel Loureiro Blanco
 D^a. Maite Louzao Arsua
 D. Benjamín Macía Fernández
 D. Federico Mallo Ferrer
 D^a. Romina Maneiro Cid
 D. Gonzalo Marino González
 D^a M^a Belén Martín Lucas
 D. Oscar Martínez Rodríguez
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D^a. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia

nome do Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos (Denominación proposta: Departamento de Informática, acordo de Xunta de Goberno de 20-6-2000)

8.- Aprobación, se procede, do Regulamento da Escola Superior de Enxeñería Informática (Xunta de Goberno de 20-6-2000).*

9.- Aprobación, se procede, do Regulamento do Departamento de Pintura. (Xunta de Goberno de 12-5-2000)*

10.- Elección para cubrir vacantes en:

- Xunta de Goberno (Directores de Centro-4; Directores de Departamento- 6; Persoal de Administración e Servicios- 1);

- Tribunal de Garantías (PDI- 1; Estudiantes- 2); - Comisión Académica do Claustro (Estudiantes- 6); - Comisión de Planificación do Claustro (Estudiantes- 5)

11.- Rogos e Preguntas.

Antes de comezar coa orde do día sortéase a letra para a rolda de intervencións e sale a "J".

Punto 1. Aprobación, se procede, da actas da sesión anterior. (05-05-2000).

Apróbase a acta por asentimento coa alegación do profesore Lago Ferreiro que se recolle na redacción definitiva.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa do Decreto de Creación da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas. Informa tamén de que a votación do punto 10 e do punto 3 (se fora posible) terá lugar ás 14 horas.

Punto 3. Balance anual do Rector.

O Rector presenta o balance anual (anexo I). Fai unha intervención que se engade á acta como anexo II.

D. José Lillo Beviá

D^a. Ana Belén Méndez Fernández
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Maximino Muños Castro
 D^a. Ascensión Muñoz Del Barrio
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño
 D. Luis Ortiz Torres
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D. Alejandro Padín Losada
 D^a. Ana Isabel Paz Villar
 D^a. M^a. Consuelo Pazo Martínez
 D. José Peleteiro Salgado
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D^a. M^a Flor Pérez Paz
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Javier Pérez Guerra
 D. Elías Pérez Carrera
 D. Manuel Pérez Donsión
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Xabier Pimentel González
 D. Jose Miguel Piñeiro Barreiro
 D. José Pose Blanco
 D. Albino Prada Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Manuel Angel Rey Fraile
 D. Filemón Rivas Conde
 D^a. Noa Rodríguez Cariño
 D. Manuel Enrique Rodríguez Moldes
 D. Luis Alfonso Rodríguez López
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane
 D. Raul Fernando Rodríguez Rubio
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. José Ramón Rodríguez Besné
 D. Luis Rodríguez Ennes
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 D^a. Margarita Rodríguez Holguín
 D. Carlos Román Lago
 D. Antonio Rotea Villanueva
 D. José Ramón Rúa Rodríguez
 D. José Óscar Rubiños López
 D^a. Veljka Ruzicka Kenfel
 D. José Luis Sáez Ocejo
 D^a. Elena Sánchez Trigo
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
 D. Pablo Suárez Gauthier
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D^a. Piedade Suárez Rosende
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. Javier Taboada Castro
 D. José Tojo Suárez
 D^a. M^a. Concepción Tojo Suárez
 D^a: Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D. Fernando Antonio Vázquez Núñez
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
 D. Camilo Vázquez García
 D. Manuel Velasco Graña
 D^a. M^a de las Mercedes Vila Alonso
 D. Federico Vilas Martín
 D. Marco Villagómez Cebrián
 D^a. Paula Villaverde Pérez
 D. Carlos Vivas Martínez

DESCULPA A ASISTENCIA

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Lago Ferreiro di que a modificación dos criterios de avaliación da produción científica non é un logro debido ós retrasos na súa implantación. Asimesmo desaproba as normas de organización docente. Engade que tendo en conta o apartado cuarto do punto 3.2.1. do Informe do Rector presenta a súa dimisión como membro da Comisión de Centros Adscritos pois ata o día de celebración deste Claustro, só foi convocado o día 20 de xaneiro de 1999 para a constitución da mesma.

O profesor Legido Soto desaproba a rebaixa do orzamento dos Departamentos; di que non se percibe a idea da necesidade do aumento do mesmo e pide que se busquen medios para incrementalos.

Tamén está en desacordo coa política seguida na aplicación dos P.O.D. que se fixeron, nalgúns casos, con planos de estudio aínda non aprobados.

O profesor Mallo Ferrer di que hai un retraso de dous anos en temas de infraestructuras, residencias, saneamento do Campus, e elaboración do modelo de Biblioteca. Critica tamén a non posta en marcha do programa de doutoramento en Medicina.

O profesor Martínez-Peñalver di que no balance se presentan como logros accións ordinarias de xestión. Resalta negativamente os grupos de laboratorio (masificados), a diminución do orzamento dos Departamentos e o retraso no concurso de profesorado. Asimesmo fala de mala xestión

no plano político.

O profesor Mazaira di que hai que recoñecer a grande cantidade de traballo feito e resalta o elevado grado de consenso acadado en Xunta de Goberno na toma de decisións, nas que se busca sempre un criterio de aplicación xeral. Recorda que cada un de nós debe asumir as súas responsabilidades.

A pesar de intervencións anteriores que falaban de grupos de laboratorio masificados, di que no ámbito xurídico-social contemplase por vez primeira a existencia de grupos reducidos.

Por último valora positivamente as accións levadas a cabo no Campus de Ourense en tema de infraestructuras.

O profesor Membiela resalta o ánimo e o desexo do equipo rectoral de diálogo e de consenso, recollendo ideas chegadas de todos en Xunta de Goberno ou en Consellos de Campus. Destaca a valentía do Rector e do seu equipo en abordar certos temas (como os planos de estudio ou a reorganización dos centros de Ourense) sen aparcar as cuestións delicadas ou difíciles.

O profesor Outes Ruso di que o Rector non busca o consenso. Di que o Rector fai unha apropiación indebida dos logros da comunidade universitaria e que debería dicir punto por punto que foi cumprido do programa presentado hai un ano.

Desaproba a redución do orzamento da Biblioteca e a elaboración de novos planos de estudio sen enmarcalos nunha programación plurianual.

Gustaríalle saber cal é o estado financeiro da Universidade de Vigo para saber cal é a capacidade de xestión da Universidade.

O profesor Pérez Donsión critica o escaso orzamento en laboratorios e en Centros, di que se están retrasando as obras pendentes no edificio da E.T.S. de Industriais e desaproba a ubicación do edificio de Minas.

O profesor Pose Blanco di que a Universidade está a sufrir a aceptación de 4 novas titulacións a coste cero, indica que se elaboran normativas que logo non se cumpren e que se actúa con présa no tema dos planos de estudos.

Di que está moi preocupado cos temas de infraestructuras, que os proxectos que había anteriormente terían que ser aproveitados e o que se fixo foi substituído por unha chapuza.

O profesor Rodríguez Berrocal di que a clave do que estea pasando a resumiría dicindo que o Rector incumpre case sistematicamente as súas promesas. Califica de negativa a xestión da política de profesorado e di que se está precarizando a plantilla de profesorado. Tamén valora negativamente a política de investigación e de infraestructuras.

Di que a causa é que para o equipo rectoral dirixir a Universidade é un medio e non un

fin.

O profesor Rúa di que non se están potenciando os Departamentos (non concesión de mobiliario ó Departamento de Debuxo), que non funcionan os programas informáticos de P.O.D nos departamentos, que na avaliación da produción científica non se consideran os traballos de creación artística e que non son adecuados os criterios de concesión de quinquenios.

A profesora Tojo Suárez di que non se cumpren os prazos de pagos de dietas e pagos a provedores. Tamén califica de chapuza o programa Riga.

O profesor Tojo Suárez di que o Rector non busca consenso e que perdeu credibilidade. Opina que o balance anual non é de recibo, que parece unha memoria de actividades. Di que no balance da xestión deberían tratarse temas importantes como profesorado ou investigación. Pensa que no documento que se presenta se quere ocultar o fracaso da xestión.

O profesor Vázquez García agradece o equipo rectoral que haxa os Claustros que ten que haber. Di que no anterior mandato só se presentó unha vez o informe anual. Considera que se está avanzando e espera que siga sendo así.

O Sr. Velasco Graña bota en falta no documento mención a temas de acción social.

O profesor Alonso Bacigalupe di que o Rector vende coa súa oratoria cousas que non son realidade. Di que para pagar cousas como o libro azul se quitan recursos de outras partidas mais importantes como os laboratorios docentes, desaproba o funcionamento do Riga e non comparte a potenciación do Claustro tal como a entende o Rector.

A profesora Alonso Escontrela di que as enquisas de avaliación docente non son fiables, que non houbo seriedade na súa organización e di que non se concienciou ós estudantes da súa seriedade. Pregunta se se puxeron en marcha programas de perfeccionamento do profesorado e opina que se empobreceron os criterios de avaliación da produción científica.

O profesor Barreiro reproba o retraso na saída a concurso das residencias de Ourense e o retraso na resolución dos concursos de profesorado. Opina que non se definiron aínda os procesos administrativos en xestión económica e que o único que hai é boas intencións.

O profesor Candelas Colodrón di que no balance falta espírito crítico. Está en desacordo coa aplicación do plano de financiamento no capítulo de profesorado e di que segue sen reformarse o regulamento de profesorado. Gustaríalle que houbera máis claridade na posta en marcha dos cursos de postgrado e queixase polo funcionamento da Unidade Técnica.

O Sr. Cardador di que fala en nome de oito estudantes de Industriais do grupo Virus. En primeiro lugar valora positivamente a mellora da imaxe e da relación da Universidade co seu contorno, os proxectos de infraestrucutras, o servicio de transporte e a elaboración do proxecto de normativa de permanencia e avaliación curricular.

Por outra banda destaca os seguintes problemas: falta de medidas que melloren a docencia e a calidade da mesma, problemas no proceso de matrícula (retraso na entrega de actas), non

existencia dun gabinete psico-pedagóxico, a non apertura habitual das bibliotecas en horario nocturno e o funcionamento do SIOPE.

No tema concreto da normativa de permanencia, considera que se trata dun documento moi conveniente, que o seu grupo foi o único que votou a favor e pide que se devolva á Xunta de Goberno para que sexa tratado cos novos representantes.

Termina dicindo que o balance xeral é positivo.

O profesor Cid Sabudeco da lectura a un texto que se engade á acta (anexo III).

O profesor Corbacho Rosas destaca de xeito negativo a falta de planificación e a falta de respecto ás normas que nós mesmos aprobamos. Di que se está a desaproveitar a capacidade do Claustro para consensuar os temas importantes.

A Sr. Corbacho Suso aplaude a presentación do balance pero bota en falta a programación anual. Súmase ás críticas pola falta de respecto ás normas.

A profesora de Miguel Villegas opina que o que se presenta como logros é máis ben un conxunto estancamentos. Di que o reparto dos fondos derivados da produción científica non se debe retrasar mais. E non debe supeditarse á introducción dos datos no Riga. Considera un fracaso a diminución do orzamento en Centros e Departamentos e a saída do concurso de profesorado apoiado en planos de estudio aínda non aprobados.

O profesor Durany fai unha valoración positiva do balance do último ano. Di que se fixeron moitas cousas, que por iso non todas saíron á perfección e que se ben é normal que se lle diga ó Rector o que pode funcionar mellor, tamén habería que salientar o positivo. Indica que a valoración dun balance global anual non se pode condicionar ó problema particular de cada un.

Di que algúns membros da comunidade universitaria, coas súas actitudes e accións, están xudicializando a vida universitaria, que é inaceptable por en duda a honradez dos funcionarios e que os profesionais da administración se merecen desculpas.

Termina dicindo que o proxecto Cidade Universitaria S.A. é un proxecto viable e que a sociedade que nos rodea xa está involucrada nun proxecto de todos.

A profesora Fernández Manín di que a visión da Universidade cara afora é moito máis favorable que a que ten cara adentro. Bota en falta dous aspectos que non foron tratados no balance: o modelo de biblioteca (do que dice non ter información do proxecto e pide que se poida debater) e a necesidade de arbitrar medidas ou mecanismos para aplicar nos casos de incumprimentos das obrigas e das normas.

O profesor Fernández Suárez considera inustificada a modificación dos criterios de clasificación de grupos de investigación. Crítica o funcionamento da Oficina do V Programa Marco e califica de folclórica a política levada a cabo pola oficina de Medio Ambiente.

O profesor Gallego Veigas di que o documento que se está a presentar é unha memoria

e non un balance. Manifesta a súa queixa polo descoñecemento dos gastos e do remanente da partida de biblioteca e crítica o retraso no pagamento ós bolsellos.

O profesor García Lomba considera necesario proceder á actualización da rede de comunicacións (aínda que valora positivamente a actualización da páxina web). Asimesmo repara na necesidade de reparar as pistas deportivas.

A continuación intervén o Rector. Agradece o tono das intervencións, recolle as peticións escoitadas sobre todos aqueles aspectos tendentes a mellorar a xestión. Di que escoita de bo grado as críticas, recolle todas as suxestións e manifesta o desexo de seguir contando co traballo de todos. Agradece en especial as intervencións que manifestan palabras de ánimo en seguir adiante.

Ante a crítica escoitada de que "se está publicitando a Universidade en exceso" di que é moi importante dar unha imaxe positiva á sociedade, que a mellora da proxección externa redonda na obtención de máis recursos e que iso non é aproveitarse do traballo da comunidade universitaria. Ter unha mellor proxección redonda en beneficios de todos.

Termina a súa intervención refiríndose á normativa de permanencia. Neste tema debería acadarse o máximo nivel de consenso e recolle a intervención do Sr. Cardador de instar ó Consello Social a que este tema sexa reestudiado.

Nun segundo turno interveñen os profesores Mallo Ferrer, Martínez Peñalver, Outes Ruso, Pose Blanco, Rodríguez Berrocal, Tojo Suárez, Alonso Bacigalupe, Alonso Escontrela, Cid Sabucedo e Gallego Veigas e manifestan a súa disconformidade co desenvolvemento do Claustro. Din que un debate é falar e confrontar ideas e que deste xeito se está a devaliar o Claustro.

O Rector responde que, en efecto, o Claustro convértese nun muro de lamentacións pola propia dinámica de petición de palabras xa que o que está a haber non é un intento de debate senón un cúmulo de descalificacións.

A continuación sométese a votación o balance anual do Rector. O resultado da votación foi o seguinte:

- A favor 96 votos
- En contra 67 votos
- En branco 8 votos

Apróbase.

Punto 4. Planos de estudos.

- Planos de estudos de Dip. en Educación Física , Dip. en Educación Musical , Dip. en Educación Infantil, Dip. en Educación Primaria de Pontevedra.

Aprobados por asentimento.

- Planos de estudos de Dip. en Educación Infantil , Dip. en Educación Primaria , Dip. en Educación Especia, Dip. en Lingua Extranxeira de Ourense.

Aprobados por asentimento.

- Plano de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Química Industrial, Electricidade, Electrónica Industrial e Mecánica).

Aprobado por asentimento.

- Plano de estudio Lic. Química.

Por acordo da Xunta de Goberno, a Xunta de Titulación debería incorporar antes desta sesión do Claustro unha quinta orientación de Química Industrial. A decisión da Xunta de Titulación foi non aceptar esta recomendación; por iso retírase para que se devolva á Xunta de Goberno para os trámites seguintes.

- Plano de estudio de Lic. en Belas Artes.

Aprobado por asentimento.

- Plano de estudio de Lic. Física.

Aprobado por asentimento.

Punto 5. I Curso de Especialista en Debuxo.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Creación Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo . (Campus de Ourense)

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Cambio de nome do Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos. Denominación proposta: Departamento de Informática.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Regulamento da Escola Superior de Enxeñería Informática.

Infórmase dunha petición da Xunta de Centro na que se solicita modificar o artigo 18.1 do regulamento, incorporando ós subdirectores do Centro, na Mesa que preside as sesión das Xuntas de Centro.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Regulamento do departamento de Pintura.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.

Resultado das eleccións.

Xunta de Goberno

a) Directores/as de Centro

Resultado da votación:

Pena Giménez, Antonio	94 votos
Sánchez Bello, Patricio	94 votos
Pena Rodríguez, Alberto	88 votos
Roca Fernández, María José	76 votos
González Cespón, José Luis	71 votos
De La Montaña Miguélez, Julia	68 votos

Quedan elixidos:

Pena Giménez, Antonio
 Pena Rodríguez, Alberto
 Roca Fernández, María José
 Sánchez Bello, Patricio

b) Directores/as de Departamento:

Resultado da votación:

Cabeza Pereiro, M ^a Carmen	90 votos
Carballo-Calero Ramos, M ^a Victoria	89 votos
Varela Lafuente, Manuel	89 votos
Ortiz Torres, Luis	87 votos
Legido Soto, José Luis	82 votos
Martínez-Peñalver Freire, Carlos	74 votos

Rúa Rodríguez, José Ramón	70 votos
Fernández González, Bernardo	67 votos

Quedan elixidos:

Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Legido Soto, José Luis
 Martínez-Peñalver Freire, Carlos
 Ortiz Torres. Luis
 Varela Lafuente, Manuel

c) Persoal de Administración e Servicios:

A única candidatura presentada é a de Don Manuel Velasco Graña que pasa a formar parte da Xunta de Goberno.

Tribunal de Garantías

a) sector PDI : no se presentaron candidaturas

b)sector estudantes

Resultado da votación:

Álvarez Moreira, José Ángel	32 votos
Álvarez Conde, Heliodoro	25 votos
Estévez González, Iria	2 votos

Quedan elixidos.

Álvarez Conde, Heliodoro
 Álvarez Moreira, José Ángel

Comisión Académica do Claustro

A única candidatura presentada é a de dona Iria Estévez González que pasa a formar parte desta Comisión.

Comisión de Planificación do Claustro

A única candidatura presentada é a de dona Iria Estévez González que pasa a formar parte desta Comisión.

Punto 11. Rogos e preguntas.

O profesor Lago Ferreiro roga que se envíe unha rectificación ó xornal " La Voz de Galicia" para que se engada a información relativa á titulación de Enxeñería Industrial no suplemento sobre a Universidade de Vigo.

O Sr. Martínez Rodríguez pregunta se o novo servizo de lanzaderas pode compatibilizarse coas antigas liñas 2,3 e 4 utilizadas polos que viven lonxe do Centro. Tamén pregunta porque se considera un logro ese novo servizo.(O Rector responde que aínda non está totalmente avaliado o bo funcionamento do novo sistema).

O profesor Rodríguez Rubio pregunta porque se retrasa 3 meses a transformación dun profesor a Titular Interino unha vez que acada o doutoramento. pregunta porque existe o límite de 20 libros que un profesor pode ter no despacho.

O profesor Barreiro roga que se establezan medidas para que o paso de peóns no Campus de Ourense (estrada de Ponferrada) se faga con garantías. Roga tamén que se respecten as porcentaxes de asociados por área e Campus.

O Sr. Carpintero pregunta cantos votos foron emitidos na votación de estudantes no Tribunal de Garantías (respóndeselle que foron 37)

O profesor Corbacho Rosas roga que se propoña ó Consello Social que a normativa de permanencia volva a ser tratada en Xunta de Goberno para que acade un maior nivel de consenso. Pregunta con que plano de estudos se fixo o POD das áreas de Química (respóndeselle que se fixo co novo e que se vai modificar de inmediato).

A Sra. Estévez González roga que se utilice papel reciclado na documentación, que se validen por créditos de libre elección os créditos de cursos complementarios en Economía e ADE, que tódolos estudantes teñan conta de correo electrónico, que se cre o Servizo de Inspección. Roga que se cumpra o establecido nos artigos 204.2, 230 dos Estatutos e no 33 do regulamento de profesorado. Pregunta se se podería especificar con antelación a duración media das xornadas do Claustro (respóndeselle que habería que reformar o regulamento), se haberá sancións cando non se cumpren as obrigas correspondentes en Centros e Departamentos, a qué se debe a nova vacante de estudante no Tribunal de Garantías (respondeselle que á renuncia do Sr. Gómez Soler) e cando se va inaugurar o edificio de Ciencias Sociais en Pontevedra (respóndese que o comezo do novo curso).

A profesora Fernández Manín pregunta cantos Departamentos non cumpriron o prazo de entrega de POD. Roga que en futuras eleccións que se fagan no seo do Claustro se teña a oportunidade de coñecer máis sobre os candidatos. Roga tamén que se axilicen os procesos de información e matrícula nos programas de 3º ciclo.

O Sr. García Fernández roga que se fagan os contactos oportunos para saber se o profesor Xosé Luis Méndez Ferrín acepta que o Servizo de Publicacións publique a lección "Profesores Implícitos" que pronunciou no ano 1999 no acto de investidura como doutor Honoris Causa da Universidade de Vigo.

O Sr. González Fontenla roga que se felicite ós responsables da Secretaría Virtual pola posta en marcha da mesma, que se fagan públicos os resultados das enquisas de avaliación do novo servizo de transporte o Campus que está a facer Vitrasa. Roga tamén que se tomen medidas para que o xornal Redacción Xove non volva a emitir informacións falsas manipuladas ou tendenciosas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 18:00 horas do día 6 de xullo de 2000, da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo